

# BECHOPOEMAS E OUTRAS BESTAS

Textos de LEIRE BILBAO

Ilustracións de MAITE MUTUBERRIA

Tradución de ISAAC XUBÍN

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 64 páx. 14 €.

**Bechopoemas e outras bestas** (galego)

ISBN 978-84-8464-489-7. Poesía ilustrada.

**Bichopoemas y otras bestias** (castelán)

ISBN 978-84-8464-453-8. Colección Orihuela.

**Bitxopoemes i altres bèsties** (català)

ISBN 978-84-16804-78-8. Poesía.

PREMIO EUSKADI DE LITERATURA 2017

PREMIO KIRICO AO MELLOR LIBRO INFANTIL E XUVENIL 2019

*Unha morea de formigas*

*meteuse entre as follas brancas,*

*puxéronse a camiñar amodiño*

*e, paso a paso...*

[Fragmento de "As formigas"]

Os protagonistas de «Bechopoemas e outras bestas», galardoado co Premio Euskadi de Literatura 2017 e co Premio Kirico 2019, son coñecidas criaturas -dende a curuxa ao león, pasando polo polbo ou a serpe- que habitan na terra, na auga e no aire. Agrupadas en versos "voadores", "acuáticos", "reptadores" e "ruxidores", a rima lúdica e o ritmo pegadizo destas composicións invitan a ser recitadas e cantadas colectivamente, en familia ou nas aulas. Estes versos destacan pola súa musicalidade, as onomatopeas que reproducen os sons dos animais e xogos de palabras a base de concatenacións, diálogos poéticos, acrósticos, repeticións e outros recursos literarios. A diversión e o sentido festivo da poesía están servidos nestas páxinas, onde tamén se presentan aspectos da vida cotiá con imaxinación, enxeño e sentido do humor.

As ilustracións son un insólito e orixinal colaxe con aplicacións de papel, tipografías e fotos, manchas de intenso colorido que contrastan co bitono predominante, pegadas dixitais estampadas con tinta, debuxos e garabatos elaborados con lapis de cores que transforman e descontextualizan os obxectos ata extremos surrealistas. Son imaxes de contido simbólico que contribúen a que as lectoras e os lectores desenvolvan a súa creatividade e participen mesmo do proceso artístico deste peculiar bestiario.



- **Temática:** poemas lúdicos protagonizados por animais diversos.
- **Idade recomendada:** dende 6 anos.
- **Aspectos destacables:** Premio Euskadi de Literatura 2017, Premio Kirico 2019; fauna, medio natural; creatividade, imaxinación, colaxe; bestiario; da ilustradora de «Arbolidades» (XII Premio Internacional Orihuela de Poesía, KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**  
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/behopoemas-g>

## Leire Bilbao

(Ondarroa, Bizkaia, 1978)

Licenciada en Dereito Económico pola Universidade de Deusto, dende a súa mocidade estivo vencellada ao mundo do *bertsolarismo*. Á publicación do poemario «Ezkatak», en 2006, seguíronlle numerosos libros para público infantil. A súa obra para adultos foi traducida a varias linguas, forma parte de antoloxías e algunhas composicións foron musicalizadas. O recoñecemento máis destacado da súa traxectoria é o Premio Euskadi de Literatura 2017 por «Bechopoemas e outras bestas» (*Xomorropoemak* en éuscaro, publicado por Pamiela).

## Maite Mutuberría

(Eltzaburu, Navarra, 1985)

Licenciada en Comunicación Audiovisual e graduada en Ilustración. Dedicase a ilustrar carteis e libros para nenos e adultos. Entre as súas obras destacan o álbum ilustrado «Pico chico» ou o seu traballo máis persoal, «Enorme sociedade». Recibiu, entre outros, o Premio de Xornalismo Ricardo Arregi 2017, o Lazarillo 2014, o Premio Peru Abarka 2014 e o Premio Etxepare 2013.

<http://maitemutuberría.com>

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com